

Cadelas Verdes: Ana Amado, Marta Marcos, Luz Paz Atras

SOBRE SOÑOS VARIOS

XORNADA

Pascuala Campos de Michelena,
as arquitecturas da vida

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 26 de outubro de 2017



SOBRE SOÑOS VARIOS

Cadelas Verdes: Ana Amado, Marta Marcos, Luz Paz Agravas

O Spanish Dream

Somos arquitectas galegas saídas da Escola de Arquitectura da Coruña nos primeiros anos deste século. Formadas para exercer a profesión primeiramente no ámbito da construción, a crise económica puxo en tela de xuízo o papel que debíamos desempeñar. Nese ambiente de confusión, surxe o proxecto Spanish Dream, unha reflexión desde a profesión sobre as consecuencias da crise económica.

O noso enfoque comeza preguntándonos sobre o impacto que os datos macroeconómicos e titulares catastrofistas tipo: “ladrillos rotos nas dúas beiras do Atlántico”, “as hipotecas rexistran en agosto a maior caída do ano”, “se a burbulla explota”, etc ... terían sobre a vida cotiá, sobre as persoas para as que nós estábamos traballando, sobre nós mesmas...

Partimos dun percorrido por distintos lugares, máis ou menos próximos, constatando a evidencia da proliferación de obras inacabadas. Este proceso non se circunscribe a un lugar concreto, nen a unha tipoloxía, nen a circunstancias de propiedade particulares. As casuísticas son múltiples. A partir destas sesións, construimos un catálogo de “ruinas prematuras”, contraponendo o termo “ruina”, que induce a pensar en algo antigo, polo que o paso do tempo deixou a súas pegadas, á palabra “prematuro”, que nega esta premisa.

A evidencia destas ruinas arquitectónicas cobra senso no Spanish Dream cando son habitadas, cando se reproducen neses espazos esceas da vida cotiá, eventos que deberían de producirse se non fose porque ese “soño” de habitar quedou truncado. Ese desexo dunha vida mellor, que no noso país se materizaba neses anos coa idea de ter unha vivenda en propiedade, sitúase en paralelo ao American Dream, xa que comparten ambos procesos unha implicación emocional. Para xerar estes espazos de ensoñación, creamos ambientes nos que obxectos da vida cotiá convivían cos muros descarnados das ruinas e a escea cobraba sentido ao habitala. Ese instante foi recollido en fotografías. E estas actúan de testigo do soño, buscando de xeito explícito unha reflexión crítica nas persoas que as miran.

Para amosar estas imaxes por primeira vez, fíxose na sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na Casa da Conga, un edificio antigo a carón da Catedral de Santiago de Compostela. En contraste cos muros de pedra macizos e institucionais, creouse un espazo propio construído con puntais de obra que aludía ao efímero do soño e á materialidade do inacabado. Tamén foron

mostrados na Galería Sargadelos de Ferrol, soportados nesta ocasión pola liviandade das vallas de obra.

Un dos aspectos máis interesantes de Spanish Dream veu dado pola repercusión mediática que o levou a aparecer en prensa local e internacional, recibir numerosos recoñecementos e formar parte de exposicións tan relevantes como a Summer Exhibition da Royal Academy of Arts ou formar parte do pavillón español da Bienal de Arquitectura de Venecia do 2016, no que o tema da crise definiu o concepto expositivo Unfinished.

Este proxecto, plantexado desde o inicio como unha reflexión sobre un contexto concreto no que nos tocaba vivir, converteuse nunha reflexión máis ampla, na que o contacto coa xente que conectaba con noso traballo nos permitiu contrastar puntos de vista, conectounos con compañeiros e compañeiras que comparten unha visión crítica sobre a propia profesión e, sobre todo, levounos a preguntarnos sobre o papel que hoxe xogamos como arquitectas nesta sociedade.

Sobre soños varios. Estado da cuestión

A nosa xeración tivo que afrontar o reto de enfrontarse a novas circunstancias e reinventar a profesión. Un dos aspectos máis diferenciadores, con respecto a outras épocas, é que a nosa xeración é das primeiras en España na que o número de estudantes de arquitectura mulleres se iguala á de homes. Por tanto, a pregunta é oportuna: Que papel xoga o xénero hoxe en día na arquitectura?

Se falamos en termos numéricos, a nova situación de igualdade de xénero de estudantes universitarias, debería conducir a unha igualdade no exercicio da profesión. Sen embargo, lamentablemente, as estatísticas do Sindicato de Arquitectos en España evidencian unha situación de anormalidade na práctica laboral no noso país, na que a visibilidade do traballo feminino segue a estar moi por debaixo da dos nosos compañeiros.

Sorprende que, a pesares de tratarse da metade da profesión, esta situación non parece ser considerada un problema que preocupa ao mundo da arquitectura no panorama nacional. Hai que recurrir a enquisas internacionais como a do RIBA do Reino Unido para atopar unha disposición explícita ao análise destas circunstancias. Pouca, ou nengunha é a proporción de preguntas en enquisas sobre a profesión en España, reducíndose a traballos especificamente centrados en cuestións de xénero.

A actual crise económica, aparentemente, veu acentuar estas diferencias. Segundo reflicte a III Enquisa da Unión de Arquitectos de España, realizada no ano 2013, unha maior proporción de arquitectas declaran que non teñen traballo fronte ao grupo de arquitectos. Aquí xa se inclúen as novas xeracións das que o 50% ao menos son mulleres. Cabe sinalar, sen embargo, que nestas estatísticas, a definición de “traballo en arquitectura” está ligada, fundamentalmente, ao mundo da

construcción. Sen embargo, pola nosa propia experiencia, pensamos que unha lectura máis contemporánea do termo abre un panorama moi distinto.

Se atendemos aos Foros Arquia/Proxima, organizados pola Fundación Caja de Arquitectos, nos que se seleccionan traballos de arquitectos/as con menos de dez anos de profesión, vemos como a presenza de xénero varía segundo sexa o plantexamento do que se entende hoxe como proposta arquitectónica. Nas sucesivas edicións, celebradas dende o ano 2006 ata a actualidade, a presenza fiminina fronte á masculina vai dende un 25 ata un 35% en progresión. Prodúcese, sen embargo, unha singularidade no III Foro Arquia/ Proxima celebrado na Coruña en 2012, que contou con 24 equipos seleccionados por un xurado formado por destacados membros da profesión, encabezados pola arquitecta Ariadna Cantis. Nesta edición presentáronse arredor unhas 1500 obras, autoría de 991 equipos. O tema que presidiu esta edición foi "Novos Formatos", ampliando o campo de acción da arquitectura máis alá dos ámbitos tradicionais. Neste caso, excepcionalmente, a presenza dos seleccionados no foro achégase á paridade. Isto ven a indicar que, cando a arquitectura non se reduce ao tradicional proxecto arquitectónico constructivo, a nosa presenza acadada cuotas de normalidade. Reforzando este argumento, está o dato de que sobre o 60% das propostas nas que participaban mulleres non eran convencionais, mentras que a maioría dos equipos formados por arquitectos, amosaron obra constructiva tradicional.

Entre as propostas presentadas neste foro por mulleres, estaba o noso proxecto Spanish Dream, difícilmente clasificable nun único formato, xa que toca a escenografía, a fotografía, a exposición... O traballo das sevillanas Espacio Elevado al Público amosou unha estratexia de urbanismo participativo para abordar unha intervención humanizadora no Polígono Sur da cidade. O colectivo Encajeras propuxo a apropiación de espazos para o uso público. Co proxecto de Azoteas Colectivas, conseguiron sumar espazo das cubertas planas, infrautilizado, ao espazo público da cidade para a realización de actividades comunitarias. E, abriu o Foro, o enfoque da arquitectura como ferramenta educativa de Almudena de Benito que, a través dos talleres de Chiquitectos, plantexa o xogo en torno á arquitectura como unha proposta para unha nova educación para a sociedade do futuro, máis sensible cara o patrimonio, a paisaxe, o construído, a sustentabilidade ou a propia interacción co medio.

Algunhas das características comúns ás propostas presentadas, reflexan unha aproximación á arquitectura desde un punto de vista crítico e interdisciplinar, cunha maior sensibilidade cara os procesos inclusivos e participativos e cunha compoñente moi determinante de inventiva e carácter experimental.

Asumindo o desafío

Sería desexable finalizar esta reflexión concluíndo coa inutilidade de establecer unha análise das diferenzas de xénero no exercicio da disciplina arquitectónica, pero todo indica o contrario.

Vivimos nun momento convulso no que a crise actúa como excusa para todo tipo atropellos sociais. A nosa profesión, fortemente afectada, xustifica a debilidade do xénero feminino no mercado laboral baseándose na escasez de emprego.

Non obstante, por outra banda, as arquitectas estamos demostrando que sabemos adaptarnos aos tempos actuais dun xeito contemporáneo e coherente, mentras que os colegas, en xeral, permanecen ancorados a un sistema tradicional de entender a arquitectura. A través de propostas, moitas veces inxustamente calificadas como "menos serias" que o proxecto de obra, estase demostrando que hai múltiples camiños de acción e cunha forte incidencia sobre o construído. Isto abre a posibilidade dunha oportunidade de cambio e consolidación de novos enfoques na profesión, independentemente dun plantexamento de xénero, que non deberían ser minorados no seu interese.

As pioneiras abriron o camiño e aínda que hoxe as circunstancias merecen respostas concretas, é conveniente coñecer as súas loitas e aprender das súas actitudes. En 1906, a sufraxista británica Lavena Saltonstall foi detida nunha marcha cara o Parlamento de Londres. Levada ante o xuíz, ela só repetía esta frase: "O axente de policía opuxo resistencia mentres eu cumpría co meu deber ". Toca voltar a ter as ideas claras.